



PLAN DE LECTURA

**CEP PLURILINGÜE SANTA TEGRA
CURSO 2023/24**

DATA APROBACIÓN CLAUSTRO: 30/10/2023

DATA APROBACIÓN CONSELLO ESCOLAR: 30/10/2023

INDICE:

- **1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN**
- **2. ANÁLISE DO CONTEXTO**
 - **O NOSO CENTRO**
 - **O NOSO ALUMNADO E FAMILIAS**
 - **A NOSA BIBLIOTECA**
 - **MEDIDAS ORGANIZATIVAS**
 - **USO DA BIBLIOTECA**
 - **EQUIPO DE BIBLIOTECA**
- **3. OBXECTIVOS**
 - **OBXECTIVOS XERAIS**
 - **INDICADORES**
 - **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**
- **4. PROCEDEMENTO DO SEGUIMENTO, AVALIACIÓN DO PLAN E DIFUSIÓN**
- **5. PLAN ANUAL:**
 - **ORGANIZACIÓN E MANTEMENTO DA BIBLIOTECA.**
 - **FORMACIÓN DE USUARIOS.**
 - **PROPOSTA DE ACTIVIDADES ANUAIS DE DINAMIZACIÓN.**
 - **ACTIVIDADES DE CARÁCTER PUNTUAL.**
 - **COLABORACIÓN COA CONTORNA.**
 - **CELEBRACIÓNS E FESTIVIDADES.**

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa, no seu artigo 11 sobre os plans educativos; o Plan de Lectura na educación primaria terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información e no apoio á adquisición das competencias clave.

O valor da lectura é insubstituíble, sen ela non sería posible comprender a información contida nos textos e asimilala dun modo crítico. A lectura tamén estimula a imaxinación e axuda ao desenvolvemento do pensamento abstracto, así como á adquisición da capacidade de poder adquirir aprendizaxes de xeito autónomo; favorecendo a comunicación e estimulando e motivando o coñecemento, sen esquecer o carácter lúdico e de entretemento, tan importante nos momentos de ocio de todas as persoas.

Dada a transcendencia da lectura na formación do alumnado, a adquisición e consolidación do hábito lector debe ser un obxectivo prioritario do noso centro.

Este Plan Lector é a continuación do traballo en anteriores cursos, partimos das valoracións realizadas incidindo nas actividades encamiñadas a mellorar a lectura do noso alumnado, xa que temos que continuar mellorando o hábito lector.

O noso Plan é o traballo que se realiza no centro integrando o traballo consolidado dende as titorías, a Biblioteca e outros equipos e distintos Programas nos que participa o centro.

O noso centro pretende estar en continua adaptación ás necesidades de carácter formativo, ademais de facer do mesmo un lugar para o lecer, de xeito que o noso alumnado adquira competencias para a ser autónomos na procura de novos aprendizaxes e fomentar o interese por adquirir información fomentando o sentido crítico e tomar decisións. Para elo, precisamos seguir adquirindo materiais e transformar espazos do centro para realizar as actividades que nos propoñemos.

O equipo directivo impulsa o proceso de innovación dixital motivado polo profesorado do centro, adquirindo iPads e empregando diferentes aplicacións que promoven o desenvolvemento das capacidades lingüísticas, as de aprender a aprender, ademais de fomentar a formación das competencias científicas. Para tal fin estamos adecuando os espazos do centro coa colaboración da ANPA para poder desenvolver actividades na renovada aula de Informática, agora aula SEL, tendo así outro espazo a maiores da biblioteca.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O NOSO CENTRO

Estamos situados no barrio de Teis de Vigo, somos un centro de primaria dunha liña que conta con 100 alumnos e alumnas. Non contamos con servizo de autobús polo que a maioría do noso alumnado é da contorna. É un barrio obreiro con moitos servizos pero non conta cunha biblioteca, a cal está en proceso de creación dende hai moitos anos, polo que dende o noso centro valoramos que a nosa biblioteca debe de cubrir na medida do posible esta carencia.

Somos 13 mestres e mestras, dos cales 12 con destino definitivo e 3 deles itinerantes. Ao ser un claustro pequeno, participamos activamente nas distintas actividades de dos diferentes equipos do centro.

O centro ten 50 anos polo que estamos en constante mantemento, actualmente en proceso de adecuación da aula SEL. O centro está formado dous edificios: un edificio de despachos de un andar onde se atopa a dirección, ANPA, almacén e conxerxería, e outro de tres plantas no que están as aulas de 1º e 2º, o comedor e a biblioteca no primeiro andar do edificio, resto de titorías no segundo andar, entresolo con aula de música e audiovisuais, e terceiro andar sala de mestres, despacho de Orientación, aula de PT aula de AL compartida con relixión e aula SEL e inglés. Ademais contamos cun pavillón, un patio con varias pistas deportivas, un horto e xardíns pequenos. O centro, dentro do orzamento xeral, destina todos os cursos unha partida para a merca de recursos bibliográficos, libros, contos, xogos... e outros de carácter funxible para as distintas actividades que se levan a cabo.

Levamos tres cursos solicitando o PLAMB, e seguiremos facéndoo para poder ter máis fondos e continuar facendo cambios e mellorar a biblioteca.

O NOSO ALUMNADO E FAMILIAS

O noso alumnado é de 1º a 6º de primaria, temos bastantes alumnos e alumnas do estranxeiro e alumnado non NEAE.

As familias colaboran na medida das posibilidades realizando propostas ou colaborando nas diferentes festividades ou actividades.

A NOSA BIBLIOTECA

A biblioteca é un espazo ben iluminado e de fácil acceso que conta con libros e outros recursos catalogados no programa **MEIGA** e ordenados en distintas seccións nos estantes da biblioteca. Os fondos das bibliotecas das aulas tamén están rexistradas no programa MEIGA.

Contamos con estantes distribuídos en seccións de lectura para os distintos niveis lectores, seccións de poesía, teatro, música e plástica, cómic, medo, ciencia, adultos, valores, revistas e xogos. Temos mesas e cadeiras para a lectura, zona con ordenador e conexión de internet para xestión e impresora, proxector e pantalla táctil, recunchos de lectura con puffs, zona de novidades e revistas.

A biblioteca conta coa mascota renovada o curso pasado realizada e elixida en concurso polo noso alumnado: "FLOW Z".

As actividades realizadas amósanse no BLOG da Biblioteca, antigo "As cousas de Fervello" e agora "As cousas de FLOW Z".

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- HORARIO E ESPAZO:

Na porta da biblioteca está visible o horario de uso da mesma, onde cada grupo terá a súas sesión de uso, podendo utilizarse nas sesións que queden sen cubrir para realizar actividades de grupo-aula.

Este curso reorganizamos a disposición do mobiliario colocando as seccións para os máis pequenos de xeito máis accesible, deitando andeis e pintando paredes. No recreo a biblioteca poderá ser empregada polo alumnado que queira independentemente do nivel, a non ser os días de chuvia que se organizan os espazos por ciclos. Ademais a biblioteca está aberta todas as tardes de 16:00 a 17:00 horas de luns a venres para o alumnado e familias que o precisen.

- COMPOÑENTES DO EQUIPO:

- ✓ Elena Cobas Mínguez, mestra de E.F. e de Lingua Inglesa.
- ✓ María Rodríguez Otero , mestra titora de 6º curso de primaria e secretaria do centro.
- ✓ Mª Ginesa Mañas Perdiz, mestra de PT e coordinadora da Biblioteca.

- COORDINACIÓN EQUIPO:

No horario xeral do centro ven recollido o horario de coordinación do equipo, que se reúne o terceiro martes de cada mes, colaborando cos demais equipos entre outras actividades como Día das letras Galegas, Samaín, Nadal, Día da Paz, Día de Rosalía, Día da poesía, Día do libro ... Ademais, nas reunións xerais dos martes se tratan as actividades xerais de centro. Tamén nos coordinamos a través da aplicación Telegram.

No horario lectivo, o equipo ten reservadas as horas dentro do horario para actividades: dunha de coordinación e tres de dinamización.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 a 9:55	Dinamización Elena				
9:55 a 10:50					
10:50 a 11:45					
11:45 a 12:15	R E C R E O				
12:15 a 13:10		Coordinación Ginesa Dinamización María			
13:10 a 14:00		Dinamización Ginesa			

USO DA BIBLIOTECA

- Cada nivel ten reservada a súa sesión para realizar os empréstitos.
- Poderán empregar a biblioteca calquera grupo facendo reserva da sesión que quede libre.
- Os materiais empregados deberán de quedar recollidos nos seus estantes. Para tal fin, este ano nas seccións de lectura, colocaranse marcadores coas letras nos distintos estantes para colocar os libros onde corresponde.
- Non se poderá merendar na biblioteca.
- Deberá quedar limpa e coas cadeiras recollidas antes de marchar.
- Teremos que manter un ton baixo de voz mentres estamos na biblioteca.

3. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

- ✓ Fomentar o hábito lector en todos os niveis e desde todas as áreas.
- ✓ Desenvolver a comprensión lectora do modo máis eficaz e lúdico posible.
- ✓ Planificar propostas educativas comúns a todo o centro.
- ✓ Organizar os recursos humanos e materiais para rendibilizalos ao máximo.
- ✓ Implicar ás familias no proceso lector dos seus fill@s .
- ✓ Levar a cabo o seguimento e avaliación deste plan.

INDICADORES

- Traballar por acadar un nivel óptimo nas destrezas de lectura, contemplando a complementariedade entre os procesos lector e escritor.
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación adecuadas.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e mellorar a ortografía.
- Promover a lectura de todo tipo de textos (poesía, teatro, banda deseñada, fotografía, revistas, xornais...) en todo tipo de soportes.
- Comprender distintos tipos de texto, segundo a idade do alumnado.
- Utilizar a prensa escrita e os medios audiovisuais como recursos valiosos para facer dos nosos alumnos lectores competentes.
- Apreciar o valor dos textos literarios, informativos, artigos, xornais, revistas...
- Utilizar a lectura como medio de goce, de información e de enriquecemento persoal.
- Coñecer a mascota FLOW Z da nosa biblioteca.
- Usar a biblioteca como fonte de pracer, así como para a busca de información e aprendizaxe.
- Coñecer as normas básicas para o correcto uso da biblioteca, de todos os seus recursos e todos os seus espazos.
- Coñecer o funcionamento da actividade de empréstitos e devolucións.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo e de aprendizaxe.
- Apoiar os programas do centro enfocados á formación no uso crítico e ético da información.
- Facer da lectura (individual, conxunta, dramatizada, comentada, de imaxes, etc.) unha actividade de lecer e goce para todos, independentemente dos gustos, da idade ou dos recursos económicos de cada quen.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DO NOSO PROXECTO

- ✓ Utilizarase a lectura como instrumento fundamental no desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- ✓ Tentarase despertar no alumnado interese pola lectura, empregando distintas estratexias de animación: conta contos, películas, libros, charlas, conferencias, exposicións, obradoiros...
- ✓ Utilizarase a biblioteca de forma sistemática tanto de forma lúdica como de centro de recursos e apoio ao aprendizaxe dende todas as áreas.
- ✓ Tratarase de favorecer un novo concepto de lectura como comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información (incluídos os textos escritos ou en versión electrónica).
- ✓ Organizarase a biblioteca como un espazo aberto á comunicade educativa.
- ✓ Establecerase unha metodoloxía activa capaz de dar apoio a prácticas e programas que busquen o desenvolvemento integral do alumnado cun enfoque competencial no que os estudantes son os protagonistas das súas aprendizaxes.
- ✓ Coordinarase dende a biblioteca cós distintos equipos do centro (TIC, EDLG e Actividades Complementarias).

4. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO NOSO PLAN

Este plan concrétase cada curso na PXA e terá un seguimento e unha avaliación continua posto que necesitamos saber se cumpren as expectativas formuladas no mesmo. Para elo propónse avaliar cualitativamente cada unha das actividades realizadas nas aulas, coas familias e na biblioteca do centro.

O Plan darase a coñecer á comunidade educativa a través do Blog As cousas de FLOW, con acceso dende a WEB do centro.

5. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

ORGANIZACIÓN E MANTEMENTO DA BIBLIOTECA

- Elaboración de **cardes do alumnado novo e profesorado**.
- **Catalogación e etiquetado** de novas adquisicións.

- Continuar realizando o **expurgo** das distintas seccións tendo en conta que o material se atope deteriorado ou en desuso ou que empreguen vocabulario e imaxes discriminatorias, segundo se recolle no Plan de Igualdade.
- Reordenar as distintas **seccións**, tendo en conta mellorar a autonomía para a accesibilidade aos fondos.
- Continuar colocando identificadores para a ordenación das seccións.
- **Adquisición de recursos** (contos, libros, revistas,...) tendo en conta as solicitudes realizadas polo profesorado, alumnado e familias.
- **Mantemento**, renovación e limpeza da biblioteca.
- Petición de **material funxible**.
- **Elaboración de** carteis coas novas normas de uso.
- Selección e/ou elaboración de **materiais para traballo das aulas**.
- Organización e proposta de **actividades de investigación e creativas** para as aulas.
- Mantemento do **Blog da biblioteca “As cousas de FLOW Z”**.
- **Subscripción anual ás revistas “O Papagaio” e “A Caracola”**
- **O proxecto** este curso será o establecido a nivel de centro que permite afondar a todos nunha mesma temática adaptada ás distintas idades: “Descobre o mundo. A viaxe comeza en ti...”

FORMACIÓN DE USUARIOS

- A principios de curso **infórmase ao profesorado novo** do centro do funcionamento e ao claustro da proposta de actividades ao longo do curso, tamén do uso da páxina OPAC MEIGA de consulta do fondo bibliográfico e recórdase o funcionamento do empréstito do programa MEIGA .
- **Obradoiro introdutorio** de uso da biblioteca para cada curso.
- A o longo do curso infórmase tanto ao alumnado como ao profesorado dos **recursos** e organización da biblioteca: temática, linguas, cores, caixón de suxestións, novidades... e tamén se solicita suxestións de títulos e materiais para mercar.
- **Carpetas con material de lectura:** na carpeta compartida de “AULAS” de todos os ordenadores do centro, encóntranse distintos recursos: carta de Flow-Z, fichas de lectura, marca páxinas, marcadores, “lectómetros”, xogos para recoñecer os datos dos libros...

- Promóvese que o alumnado **responsable da biblioteca**, colabore de xeito voluntario nalgunhas actividades de organización asesorados e supervisados polos membros do equipo.

ACTIVIDADES ANUAIS

De carácter anual realízanse as seguintes actividades:

- **Servizo de Empréstito:** A Biblioteca comezará a funcionar cara ao alumnado a finais do mes de outubro ata finais de maio. **Funcionamento:**
 - Serán @s titor@s os que fagan o empréstito o e a devolución empregando o programa MEIGA.
 - Os carnés quedan na biblioteca, na súa caixa correspondente.
 - Os exemplares préstanse durante 2 semanas. Poden levar ata dous exemplares a elixir: libros, cómics, revistas e/ou libros de consulta.
 - Poden solicitar unha semana máis de empréstito do exemplar, pero para iso teñen que traelo ao colexio.
- **Actividade “ NO RECREO TAMÉN SE LE”** para os momentos do recreo no que manterase a biblioteca aberta para o alumnado que queira ler libros, revistas, empregar xogos de mesa,...
- **Encargados da biblioteca:** os voluntarios encargaranse de colaborar na biblioteca facendo diferentes actividades de mantemento, organización e dinamización, dependendo das idades: lembrar normas de uso, axudar aos máis pequenos, informar de novidades, realizar vídeos explicativos, colaborar nos concursos,...
- Elaborar **carteis informativos e decorativos** con personaxes coñecidos polo alumnado.
- Blog da biblioteca **“As cousas de FLOW Z”:**
 - **Ofrecer ás familias** información sobre aspectos educativos mediante fondos da sección de adultos.
 - Difusión das actividades que se realizan.
 - **Videotubers:** Recomendación de lecturas axeitadas á idade do alumnado. No Nadal e no verán o alumnado participa nas recomendacións **“ OS LIBROS QUE MÁIS MOLAN”**, que se fan dende a biblioteca tendo en conta as propostas dos libros que máis lles gustaron sendo o alumnado protagonista.

- **Radio escolar NST (News Santa Tegra):** o alumnado de 6º de xeito diario, elabora noticias a partir da prensa escrita e colaboran cos grupos de 1º a 5º.
- **Traballo coa prensa escrita** un día á semana en 5º e 6º e unha vez ao mes en 2º, 3º e 4º.
- **Aula Croma de audiovisuais** para realizar actividades de oralidade, vídeos de presentacións ...
- **Caixón de suxestións:** o alumnado poderá seguir aportando suxestións para a adquisición de materiais ou actividades interesantes.
- **Sección de novidades:** na que iranse colocando as novas adquisicións e selección de libros para as distintas conmemoracións.
- A biblioteca está subscrita as **revistas “ O Papagaio” e “ A Caracola”**.

ACTIVIDADES DE CARÁCTER PUNTUAL

Cada ano o centro ten un Lema do que emerxen as actividades conxuntas a realizar. Este curso o lema é “Descobre o mundo: a viaxe comeza en ti”; ademais priorizaremos as actividades que promovan valores como a reciclaxe, a igualdade, o respecto á natureza... e que promovan o coñecemento das nosas costumes e tradicións:

- Facer **representacións teatrais** de contos lidos ou de propostas inventadas polo alumnado.
- Promover **actividades de investigación** colaborando coas titorías adquirindo os libros que se soliciten.
- **Exposicións temáticas e celebracións:** sobre un tema ou un autor determinado con exposicións de libros, vídeos, carteis, murais.
- **Sesións de Contacontos:** teranse en conta as actividades, priorizando as online ou sen oporte dixital , que se nos ofrezan das distintas editoriais e autores, familias, etc.
- **Realización de concursos** de debuxo, cómic, poesía,...
- **Itinerarios lectores** colaborando coas aulas para seleccionar os libros.
- **Obradoiros de creación literaria:** poesías, redaccións, contos, cómics, etc... nas distintas celebracións, festividades...
- **Promover a colaboración do alumnado** do centro na proposta para a adquisición de materiais de consulta e ocio e para elaboración de materiais de diverso soporte, dando prioridade ao emprego das tecnoloxías.

COLABORACIÓN COA CONTORNA

- **Padriños e madriñas lectoras:** Continuarase coa actividade de xeito virtual ou presencial coa Escola de Educación Infantil Monte da Guía.
- **Poder colaborar con outras bibliotecas** escolares da contorna, na medida que o orzamento o permita.
- Organizar **charlas con algún/a escritor/a ou ilustrador/a** importante, na medida que o orzamento o posibilite.
- Colaboración coas **familias** de xeito voluntario en diferentes actividades: proposta de libros para mercar, doazón de libros, colaborar na realización de actividades...

CELEBRACIÓNS E FESTIVIDADES

- **A Cova do Samaín:** para a última semana de outubro, realizarase na biblioteca unha actividade de dinamización de contacontos, ambientando a biblioteca con decoración propia da celebración e coascabazas que aportan as familias, seleccionando tamén os textos que os distintos cursos prepararán para ler ou interpretar ás outras aulas.
- **Letras Galegas:** dar a coñecer a figura e a obra d@ autor/a homenaxead@.
- A derradeira semana de febreiro promocionarase a lectura de poemas de **Rosalía de Castro**, mediante unha actividade conxunta coa Escola Infantil Monte da Guía.
- **Día da poesía:** Lectura e/ou elaboración de pequenos poemas, en todos os niveis durante a semana do Día da Poesía.
- **Actividades do Día do libro:** realizando cada ano distintas actividades para esta celebración, dende:
 - “Adopta un libro”, na que se donan libros usados,.
 - Creación dun libro a nivel de centro aportando cada aula un ou varios capítulos.